



ANUNCIO DE EXPROPIACIÓN. APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DA OBRA E DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN PARA PROCEDER Á SUA EXECUCIÓN

EXPEDIENTE. 2021/X999/0000031

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión extraordinaria do 2 de marzo de 2021, e consonte dispón o artigo 94 do RDLex. 781/1986, de 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa, adoptou o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Proxecto de saneamento en Fiobre (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun valor estimado de estimado de 72.668,67 euros, máis 15.260,42 euros de IVE (21%), que fan un total de 87.929,09 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo I)

SEGUNDO. Seguir a expropiación individualmente abrindo prazo de información pública durante quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do concello e nun dos diarios de máxima difusión da provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados. Aos únicos efectos da subsanación de erros na descripción material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos.

Relación de Titulares, bens e dereitos afectados

ANEXO I

Saneamento en Fiobre (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo)

FINCA	TITULAR/NIF	REFERENCIA CATASTRAL	DNI/NIF	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)	TIPO DE AFECTACIÓN	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	USO	SITUACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO
1	Fernández Vilela Luis Buján Doporto Irene	002406100NH69G	7****877C ****0748S	871.00	56,50	PLENO DOMINIO	SOLO DE NÚCLEO RURAL	RESIDENCIAL	URBANIZADO

No cumprimento do devandito acordo o citado expediente queda exposto ao público na Secretaría do concello. Para a súa consulta deberán solicitar cita previa a través dos seguintes medios: na sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html> ; por correo electrónico cita.previa@bergondo.gal; ou por teléfono 981791252_extensión 7.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados descoñecidos nos procedementos administrativos

indicados ou se ignore o lugar de notificación ao que se refire o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Bergondo, 3 de marzo de 2021

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez